

BAREMO DE APLICACIÓN ÁS SOLICITUDES DE ADMISIÓN NAS EIM DO CONCELLO DE AMES

1º. Situación socio-familiar

- 1.1. Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos.
- 1.2. Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea ao seu cargo: 1 punto.
- 1.3. No caso de que o/a neno/a para que se solicita a praza nacesse nun parto múltiple: 1 punto.
- 1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade ou enfermidade que requira internamento periódico: 2 puntos.
- 1.5. Pola condición de familia monoparental: 3 puntos.
- 1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: 6 puntos.
- 1.7. Pola condición de familia numerosa: 3 puntos.
- 1.8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas: ata 3 puntos.

2º. Situación laboral familiar.

2.1. Situación laboral de ocupación:

- Nai: 7 puntos.
- Pai: 7 puntos.

2.2. Situación laboral de desemprego (1):

- Nai: 2 puntos.
- Pai: 2 puntos.

2.3. Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga):

- Nai: 3 puntos.
- Pai: 3 puntos.
- (1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da apertura do prazo de inscrición..
- No caso de familias monoparentais ou aquelas en que o neno ou a nena conviva cunha soa persoa proxenitora, adxudicarase a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.
- Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

3º. Situación económica.

Renda per cápita (RPC) mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente (calculada de acordo co establecido no artigo 7 da *RESOLUCIÓN do 11 de marzo de 2021 pola que se convoca o procedementode adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3*)

- Inferior ao 30 % do IPREM: +4 puntos.
- Do 30 % ou superior e inferior ao 50 % do IPREM: +3 puntos.
- Do 50 % ou superior e inferior ao 75 % do IPREM: +2 puntos.
- Do 75 % ou superior e inferior ao 100 % do IPREM: +1 punto.
- Do 100 % ou superior e inferior ao 125 % do IPREM: -1 punto.
- Do 125 % ou superior e inferior ao 150 % do IPREM: -2 puntos.
- Entre o 150 % e o 200 % do IPREM: -3 puntos.
- Superior ao 200 % do IPREM: -4 puntos.

– En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada.

– Para os efectos desta resolución, están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

– No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais, adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes da situación laboral familiar e da situación económica do baremo.

– No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.